


VII XORNADAS CIENCIA E TERRITORIO



OS PROCESOS GLACIARES E PERIGLACIARES EN GALICIA: O EXEMPLO DAS SERRAS SUDORIENTAIS

**Melide, 9, 10 e 11
de setembro de 2009**

Contactos:

IES Melide
Dpto. de Ciencias Naturais
O Marquiño, s/n.
15800 Melide (A Coruña)
Tfno./fax: 981 50 51 62
iesmelide.xornadas@gmail.com

Novo Escola Galega
Apdo. 586
15700 Santiago
Tfno./fax: 981 56 25 77
melide.neg@mando-r.com
www.novo-escola-galega.org

Organizan:



VII XORNADAS CIENCIA E TERRITORIO



OS PROCESOS GLACIARES E PERIGLACIARES EN GALICIA: O EXEMPLO DAS SERRAS SUDORIENTAIS

**Melide, 9, 10 e 11
de setembro de 2009**

Contactos:

EES Melide
Dpto. de Ciencias Naturais
O Marquillo, s/n.
15800 Melide (A Coruña)
Tfno./fax: 981 50 51 62
esmelide.xoroadas@gmail.com

Nova Escola Galega
Avenida, 586
15700 Santiago
Tfno./fax: 981 56 25 77
melide.neg@mundozc.com
www.nova-escola-galega.org

Organizan:



MEMORIA FINAL DA ACTIVIDADE

1. Xustificación.
2. Obxectivos.
3. Profesores e profesoras participantes.
4. Relatores.
5. Desenvolvemento da actividade.
6. Valoración global da actividade.

ANEXOS

- I. Acta de avaliación final.
- II. Tríptico onde se convocaba a actividade.
- III. Cuestionario de avaliación cumprimentado polos participantes.
- IV. Dossier de prensa (escolma).
- V. Dossier fotográfico (escolma).

**VII XORNADAS CIENCIA E TERRITORIO
OS PROCESOS GLACIARES E PERIGLACIARES EN GALICIA O
EXEMPLO DAS SERRAS SUDORIENTAIS**

Melide, 9, 10 e 11 de setembro de 2009

MEMORIA DA ACTIVIDADE

1. Xustificación da actividade.

O ensino non pode ser concibido sen que intente achegar o medio social, natural, económico e cultural á escola. É por iso polo que a partir do ano 2003, Nova Escola Galega e os Departamentos de Ciencias Naturais e Ciencias Sociais do IES Melide propuxeron, nunha convocatoria anual, unhas xornadas de estudo, inicialmente centradas na comarca da Terra de Melide, pero que a partir deste ano se amplían a todo o ámbito galego.

A convocatoria nacía coa pretensión de ser exemplificadora a respecto do como os educadores e educadoras podemos aproveitar os recursos didácticos que nos ofrece o medio, e niso seguimos, aínda que o currículo relativo ao medio físico parece achicarse máis a cada curso que pasa (desaparición da Xeoloxía e das Ciencias Medio Ambientais, opatividade para Ciencias da Terra, marxinalidade para a Xeografía de Galicia...).

Despois de seren exploradas as posibilidades didácticas da Xeoloxía, da Xeomorfoloxía, da Botánica, da Arqueoloxía, e da Auga (I e II), as VII Xornadas Ciencia e Territorio pretenden afondar en aspectos moi concretos da Xeomorfoloxía, como é a pegada do glacialismo e periglacialismo en Galicia. Aínda que gran parte dos feitos aconteceron en tempos xeolóxicos pasados, non debemos obviar o impacto do cambio climático, do que tanto se fala actualmente, sobre os procesos glaciares e periglaciares.

2. Os obxectivos da actividade.

As Xornadas perseguían, en esencia, os obxectivos que se enumeran a seguir. O seu grao de cumprimento será analizado máis abaixo:

1. Coñecer *in situ* a importancia fundamental dos procesos glaciares e periglaciares no modelado das serras galegas.
2. Facer fincapé na caracterización de formas e sedimentos de orixe glaciar e periglacial.
3. Coñecer, para o seu posterior emprego educativo, particularmente, as posibilidades didácticas que nos ofrece a pegada do glacialismo e periglacialismo nas montañas galegas.
4. Observar os impactos ambientais producidos pola acción do ser humano pouco atenta á preservación do medio.
5. Coñecer o traballo de investigación, relativo ao obxecto destas Xornadas, levado a cabo no ámbito universitario.

3. Profesores e profesoras participantes na actividade.

Asistiron un total de 51 profesores e profesoras dun total de 60 matriculados. A maior parte dos participantes foron profesionais do ensino secundario público, do ámbito das Ciencias Naturais. Porén, tamén participaron algúns profesores e profesoras de Ciencias Sociais, así como algúns profesionais doutras disciplinas. Os asistentes procedían practicamente de todo Galicia.

4. Relatores/as participantes na actividade.

No desenvolvemento das Xornadas participou un único relator, responsable da conferencia inaugural e das diferentes sesións de traballo de campo:

- Augusto Pérez Alberti. Catedrático de Xeografía Física. Departamento de Xeografía. Universidade de Santiago.

5. O desenvolvemento da actividade.

Para procurar a consecución dos obxectivos a partir dos cales se concibían as Xornadas, foron deseñadas unha serie de actividades que, respectando a súa sucesión cronolóxica, desenvolvéronse tal e como se sintetiza a seguir.

Día 9.

Durante a inauguración das Xornadas, presidida pola Concelleira de Medio Rural do Concello de Melide, púxose xa de manifesto que os libros de textos ignoran case sempre as pegadas deixadas polo glaciario no territorio galego, e iso a pesar de ser o caso de Galicia un dos máis singulares e importantes da Península Ibérica. Este argumento foi tamén recorrente na conferencia inaugural pronunciada polo Catedrático da USC Augusto Pérez Alberti, un dos máis destacados especialistas galegos na materia.

En efecto, en xeral os libros de texto –tanto os redactados en galego como en castelán– ignoran este aspecto fundamental da realidade física galega. E isto sucede así polo mimetismo con que son elaborados estes materiais, case sempre respondendo a directrices editoriais que emanan desde outros lugares do Estado.

Porén, o estudo do glaciario en Galicia antóllase como unha ferramenta didáctica de singular importancia á hora de procurar a debida integración do ensino no medio circundante, pois, por exemplo, os procesos glaciares ocorridos en Galicia delimitaron as formas das ladeiras dos montes e poden aínda observarse *in situ* morrenas e glaciares autenticamente espectaculares.

Despois da inauguración oficial, no edificio de usos múltiples de Melide, e da conferencia inaugural –introdutoria ao traballo de campo posterior–, os asistentes desprazáronse ao Courel, onde analizaron pola tarde as pegadas do glaciario no Val de Seara, facendo noite no albergue situado precisamente na aldea de A Seara.

Día 10.

O traballo de campo correspondente ao xoves, día 10 de setembro, desenvolveuse na comarca do Bolo, e máis concretamente na aldea de Cepedelo, situada a 1300 metros de altitude, a aldea máis alta de Galicia.

En Cepedelo poden analizarse con todo detalle as pegadas do glaciar do Bibeí, o máis espectacular de Galicia e, sen dúbida, un dos máis importantes do Estado. Trátase dun glaciar duns 30 km de lonxitude e duns 500 metros de profundidade, que deixou fondas pegadas que aínda non foron borradas, nin polo paso do tempo, nin pola acción humana.

A zona foi, de feito, declarada Punto de Interese Morfolóxico, precisamente por tratarse dun lugar único en Galicia –e dos máis importantes do Estado- para o estudo dos procesos glaciares e periglaciares. O traballo deste xoves por parte dos asistentes completouse na zona de Pías, xa na provincia de Zamora.

Os participantes fixeron noite en Viana do Bolo.

Día 11.

O traballo de campo correspondente ao venres, día 11 de setembro, tivo lugar en Manzaneda, e máis concretamente na contorna do encoro de Cenza e na parroquia de Chaguazoso, en Vilariño de Conso.

O glaciar de Cenza é un dos máis singulares, non xa só a nivel galego, senón tamén se se analiza o conxunto das pegadas glaciares de toda a Península. Particularmente, en Chaguazoso –a segunda aldea máis alta de Galicia despois de Cepedelo, visitada na xornada anterior- pode observarse un complexo morrénico de singular importancia, extremadamente útil, ademais, desde a perspectiva didáctica.

A zona, en efecto, reúne unha serie de elementos ambientais que fan que poida ser considerada un privilexiado laboratorio de campo. Non se trata xa só de que as pegadas glaciares poidan analizarse con claridade sobre todo en Chaguazoso, senón que o lugar foi tradicionalmente estudado polos biólogos polas numerosas turbeiras existentes, ou polos etnógrafos desde as perspectiva dos traballos comunais que aínda existen na zona, ou polas formas de pastoreo sobre todo do gando ovino, e polos curros existentes para ovellas.

Desde esta óptica, resulta pouco xustificable que se teña construído o encoro de Cenza nun lugar destas características, sobre todo se se ten en conta que os beneficios económicos da obra foron máis ben limitados.

As VII Xornadas Ciencia e Territorio remataron cunha asemblea de campo onde os asistentes puxeron en común a súa perspectiva sobre o traballo realizado durante os tres días de duración das mesmas en tres lugares absolutamente singulares de Galicia: O Courel, Trevinca e Manzaneda. Foi elaborado tamén o documento de conclusións, ao tempo que se realizou unha batería de propostas de temas a tratar de cara á oitava edición das Xornadas.

6. Principais conclusións.

Despois dos tres días de traballo de campo e do debate desenvolvido durante a propia sesión na que se discutiu a cuestión, as principais conclusións ás que chegaron os asistentes poderían sintetizarse así:

1. Galicia é un país rico en pegadas glaciares. Precisamente por iso, tales pegadas deben converterse nun ben colectivo que poida ser gozado por toda a cidadanía. Desde esta óptica, faise necesaria a sinalización de tales pegadas, o deseño de rutas sobre o glaciario e a elaboración de materiais asequibles tamén para as persoas non iniciadas. Particularmente, sería preciso poñer en marcha medidas de protección que impidan o seu deterioro.
2. O desenvolvemento das propias Xornadas puxo en evidencia que a ciencia xeolóxica está aínda en construción en Galicia. Porén, as perspectivas sobre o seu desenvolvemento son optimistas na actualidade.
3. Despois dos tres días de traballo de campo, o ensino de butaca semella ter menos sentido aínda. O alumnado debe aprender sobre todo a partir da experimentación e da interacción co medio. Desaproveitar os recursos didácticos que o medio nos ofrece semella un grande contrasentido.
4. O traballo de campo desenvolvido provocou na xeneralidade dos asistentes a sensación de que é preciso revisar os conceptos científicos –en continua evolución a medida que evoluciona a propia Ciencia- que son transmitidos de ordinario na aula.
5. Os libros de texto ignoran as máis das veces a realidade próxima ao alumnado, e a realidade galega en xeral. Esta aseveración faise máis evidente aínda na cuestión das pegadas do glaciario, pois Galicia conta con manifestacións desta índole que se encontran entre as máis importantes do Estado.
6. Considérase necesaria a realización de actividades de formación do estilo das Xornadas Ciencia e Territorio, fundamentalmente por dúas razóns. Por unha parte, o traballo práctico de campo provoca que se perciba na realidade aquilo que nos libros só aparece de maneira teórica; por outra, e como consecuencia da anterior, a asistencia a este tipo de actividade mellorará, sen dúbida, o traballo didáctico tamén na propia aula.
7. Particularmente, os participantes nas VII Xornadas Ciencia e Territorio, queren facer unha reflexión sobre a proliferación de actividades de formación *on-line* e sobre a practicamente nula –se obviámos as propias Xornadas- oferta de actividades de formación práctica que inclúa traballo de campo. Aínda considerando as primeiras moi útiles, semella un contrasentido que os Centros de Profesorado e a propia Administración esquezan as segundas. A formación en horario lectivo, por outra parte, segue considerándose por parte dos asistentes como unha necesidade evidente.
8. Resulta particularmente gratificante a relación humana que se establece en tres xornadas intensas de traballo. Máis alá dos obxectivos explícitos a partir dos cales foi deseñada a actividade, a dinámica creada entre os asistentes provocou un clima favorecedor do propio traballo en si e da reflexión constante.
9. Os asistentes ás VII Xornadas Ciencia e Territorio manifestaron na posta en común final, e por práctica unanimidade, o seu desconcerto polo feito de que a actividade de formación se desenvolvese sen ningún tipo de axuda oficial. Esta circunstancia é especialmente paradoxal se se ten en conta, como xa queda reflectido, que se trata dun tipo de formación que non é ofertada nin polos Centros de Profesorado nin pola propia Administración educativa.
10. Os participantes manifestaron tamén o seu compromiso para continuar afondando no traballo de campo, en sucesivas actividades de formación semellantes, sobre os recursos didácticos que nos ofrece o medio.

7. Valoración global da actividade.

Os participantes das Xornadas cumprimentaron un cuestionario de avaliación –que se ofrece como Anexo III á presente Memoria- a partir da análise do cal se trata de sintetizar a continuación a valoración global realizada.

1. Asistirías a outras Xornadas destas características?
Si – 95%
Non – 5%
2. En conxunto, as Xornadas responderon ás expectativas que tiñas depositadas nelas?
Moito – 95%
O agardado – 5 %
3. Cal é a túa opinión sobre o título que se ofrecía no programa en cada unha das conferencias e saídas de campo, en relación co que foi realmente a súa realización práctica?
Moi boa - 75%
Boa - 25%
4. A calidade das intervencións dos relatores/as que interviñeron nas Xornadas considérala:
Moi boa – 75%
Boa – 25%
5. Cualifica de 1 (a cualificación máis negativa) a 5 (a máis positiva) cada unha das actividades desenvolvidas
Conferencia inaugural.- Os procesos fríos...: 4.3 puntos
Traballo de campo 1.- Val de Seara...: 4.8 puntos
Traballo de campo 2.- Val do Bibeí...: 4.8 puntos
Traballo de campo 3.- Os glaciares de Manzaneda...: 4.8 puntos
6. Valora, xenericamente, o cumprimento dos obxectivos das Xornadas:
Para a maioría dos asistentes os obxectivos foron acadados satisfactoriamente.
7. Valora, xenericamente, o cumprimento dos contidos das Xornadas
Maioritariamente a resposta foi tamén en sentido positivo.
8. A túa opinión sobre os materiais empregados nas Xornadas é:
- Moi boa – 40%
- Boa – 60%
9. As datas de celebración das Xornadas parécenche:
Moi ben – 30%
Ben – 50%
Regular – 10%
Mal – 10%
10. Cal é a túa opinión sobre a relación horario teórico – horario real no desenvolvemento das Xornadas?
Moi boa – 55%
Boa – 40%
Regular – 5%
11. O tempo destinado a cada unha das actividades, e en conxunto, paréceche:
Moi ben – 55%

Ben – 45%

12. Que opinión che merecen os lugares (interiores e exteriores) onde se desenvolveron as Xornadas?

Moi boa – 90%

Boa – 10%

13. A túa opinión sobre a organización xeral das Xornadas é:

Moi boa – 95%

Boa – 5%

14. Espazo reservado para que digas todo o que che quedou por dicir:

Algúns dos comentarios realizados foron os seguintes:

- As datas non son as apropiadas.
- Talvez fose mellor idea facelas a final de curso.
- Un dos aspectos máis destacados desta edición foi o compañeirismo que se foi creando.
- A administración valora outro tipo de actividades máis pobres, e non se entende que non apoie estas como é debido.
- Unha das mellores cousas da sétima edición das Xornadas foi o traballo práctico.
- O GPS igual tivese sido de utilidade no traballo de campo.
- O “avituallamento” foi moi eficaz.
- O albergue da Seara é un lugar incómodo para durmir.

Desde a perspectiva da Comisión Organizadora, integrada por membros de Nova Escola Galega e por profesorado e persoal non docente do IES Melide, as Xornadas cumpriron sobradamente os obxectivos a partir dos cales foron convocadas. Por unha parte, permitiron afondar no coñecemento de diferentes aspectos das pegadas do glaciario en Galicia. Por outra, contribuíron á divulgación das posibilidades educativas que nos ofrece o medio próximo á escola.

Melide, 19 de setembro de 2008
A COORDINADORA DAS XORNADAS

A PRESIDENTA DE
NOVA ESCOLA GALEGA

Asdo.: M^a Luz Guerreiro Castro

Asdo.: M^a Dolores Candedo Gunturiz